

# Venres, 10 de Sant Xago

**15:00 h** Remate da colocación das paradas de venda da XXVII edición da Feira Franca Medieval.

**18:00 h** Os/as artesáns/ás chegados/as de todos os lugares e recunchos de España abren as súas paradas para ofrecerlles o mellor das súas terras ás persoas que queiran mercar ou observar os seus produtos.

**18:00 h** Apertura do RECUNCHO INFANTIL situado na praza dos Irmáns García Naveira.

**19:30 h** Actuación do MAGO GONZÁLVEZ na praza da Constitución.

**21:00 h** O señor de Andrade honra a todos os seus vasalos coa chegada á praza da Constitución desta real cidade e solicítalle á ilustrísima señora rexedora a apertura da FEIRA FRANCA.

Nobres e campesiños presentarán as súas queixas e pedimentos ao señor de Andrade por medio do notario Xoán Branco e haberá danzas nobres e campesiñas coa colaboración da escola de danza DANZARTE e danzas mouras por conta das VOLUNTARIAS da Feira Franca Medieval. O pregón correrá por conta de **ELENA DÍAZ BLANCO**, directora da Escola Municipal de Folclore de Betanzos e do Grupo Azogue dende o nacemento de ambos hai 40 anos.

Para rematar a ilustrísima señora rexedora da cidade de Betanzos abrirá a XXVII edición de FEIRA FRANCA MEDIEVAL de Betanzos.

**23:00 h** Na Praza dos Irmáns García Naveira os membros do CLUB DE BALONCESTO SANTO DOMINGO de BETANZOS representarán o incendio da cidade do século XVI cunha simpática carreira de bocois.

**24:00 h** Na praza da Constitución representación do espectáculo FULGOR por conta da compañía HÍPICA CELTA. Este espectáculo comeza coa escuridade rota polo brillo intenso do lume que combinado con cada xiro e cada acrobacia parece desafiar a gravidade e dominar os elementos.

Durante toda a tarde haberá espectáculos de malabarismo, música, teatro, etc. Actuarán por toda a feira o grupo de música ACIBREIRA, os BRINQUEIROS, o Grupo TROULA ANIMACIÓN con espectáculos de percusión e lume e O FAUNO. Ao longo de toda a tarde haberá exhibición de TIRO CON ARCO no adro de Santa María e de CETRARÍA na rúa Nova, así como OBRADOIROS DE COIRO E FIADO DE TEAS no parque da Rúa Travesa.

O RECUNCHO INFANTIL da praza dos Irmáns García Naveira estará aberto ata as 22:00 h

Co mesmo horario funcionarán o resto das atraccións para os rapaces e rapazas.

**Neste día de previsible afluencia masiva de xente á nosa cidade a Cruz Vermella e o Concello de Betanzos porán a disposición das persoas asistentes, de xeito gratuito, un servizo de localización de nenos/as perdidos/as entre as 19:30 h e as 21:30 h no posto de información situado na praza dos Irmáns García Naveira.**



# Sábado, 11 de Sant Vago

**11:30 h** Apertura das paradas.

**11:30 h** Apertura do RECUNCHO INFANTIL situado na praza dos Irmáns García Naveira.

**12:00 h** Comezarán a percorrer a Feira os pasarrúas de MÚSICOS, CÓMICOS e MALABARES, así como o grupo de teatro LA RECUA.

**12:30 h** Actuación do MAGO GONZÁLVEZ no atrio de Santa María.

**13:30 h** Na praza da Constitución, chegada dos mouros ao mando de Yussuf Hammar para esixirlle á cidade de Betanzos as doncelas que ten que entregarlle ao califa de Córdoba. As mozas mouras que acompañan a Yussuf deleitaranos cunhas fermosas danzas.

**17:00 h** Apertura das paradas.

**18:00 h** Apertura do RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira.

**19:00 h** Revolución irmandiña coa proclama do mercador Afonso de Carballido, danzas campesiñas por conta da escola de danza Danzarte e a continuación actuación do grupo AZOUGUE da Escola Municipal de Folclore de Betanzos.

**20:00 h** Actuación do MAGO GONZÁLVEZ na Praza da Constitución.

**24:00 h** Na Praza da Constitución, espectáculo de pirotecnia, zancudos e lume por conta do grupo de teatro LA RECUA e representación dun Aquelarre.

Durante todo o día percorrerán a feira o grupo de música ACIBREIRA, os BRINQUEIROS, o grupo de teatro LA RECUA e O FAUNO. Haberá tamén exhibicións de TIRO CON ARCO no adro de Santa María e de CETRARÍA na rúa Nova, así como OBRADOIROS DE COIRO E FIADO DE TEAS no parque da Rúa Travesa.

RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira desde as 11:00 h ata as 14:00 h e dende as 18:00 h ata as 22:00 h. Co mesmo horario funcionarán o resto das atraccións para os rapaces e rapazas.

**Neste día de previsible afluencia masiva de xente á nosa cidade a Cruz Vermella e o Concello de Betanzos porán a disposición das persoas asistentes, de xeito gratuíto, un servizo de localización de nenos/as perdidos/as entre as 19:30 h e as 21:30 h no posto de información situado na praza dos Irmáns García Naveira.**





# Domíngo, 12 de Sant Xago

**11:30 h** Apertura das paradas.

**11:30 h** Apertura do RECUNCHO INFANTIL situado na praza dos Irmáns García Naveira.

**12:30 h** Actuación de KOTE MALABAR no adro de Santa María.

**12:30 h** Actuación do MAGO GONZÁLVEZ na praza da Constitución.

**13:30 h** Escena da expulsión dos leprosos que parten da praza dos Irmáns García Naveira interpretada pola xente colaboradora da organización e que rememora un feito histórico da cidade.

**17:00 h** Apertura das paradas.

**18:00 h** Apertura do RECUNCHO INFANTIL situado na praza dos Irmáns García Naveira.

**18:00 h** Torneo Medieval a cabalo na praza dos Irmáns García Naveira con exhibición dos cabaleiros ademais de CETRARÍA. Espectáculo de baile noble e campesiño a cargo da escola de danza DANZARTE.

**20:00 h** Actuación do MAGO GONZÁLVEZ no adro de Santa María.

**20:00 h** Actuación de KOTE MALABAR na praza da Constitución.

**23:00 h** Na praza da Constitución espectáculo por conta do grupo de teatro LA RECUA.

**23:30 h** Danzas Mouras por conta das mozas voluntarias de Betanzos e colaboradoras da organización.

Durante todo o día percorrerán a feira o grupo de música ACIBREIRA, os BRINQUEIROS o grupo de teatro LA RECUA, e O FAUNO. Haberá tamén exhibicións de TIRO CON ARCO no adro de Santa María e CETRARÍA na rúa Nova, así como OBRADOIROS DE COIRO E FIADO DE TEAS no parque da Rúa Travesa.

RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira desde as 11:00 h ata as 14:00 h e dende as 18:00 h ata as 22:00 h. Co mesmo horario funcionarán o resto das atraccións para os rapaces e rapazas.

**Neste día de previsible afluencia masiva de xente á nosa cidade a Cruz Vermella e o Concello de Betanzos porán a disposición das persoas asistentes, de xeito gratuíto, un servizo de localización de nenos/as perdidos/as entre as 18:30 h e as 20:30 h no posto de información situado na praza dos Irmáns García Naveira.**

SERÁ NO ANO DE DEUS DE 2027  
CANDO NOS VOLVAMOS A AGOPAR NA XXVIII EDICIÓN  
DA FEIRA FRANCA MEDIEVAL DE BETANZOS.





# Ubicación da Feira Franca



- PULPEIRA
- CERVEXERÍAS
- TORTAS CELTAS
- GASTRONOMÍA
- GRELLA/KEBAB
- WC QUÍMICOS